



Compostela
Cultura

INFORME - PROPOSTA PARA A APROBACIÓN DAS INSTRUCIÓN DE USO PARA ACTIVIDADES E INSTALACIÓN DO AUDITORIO DE GALICIA:

Antecedentes:

1. Con data de 16 de abril de 2002 o Consello Reitor do Auditorio de Galicia aprobou as tarifas de prezos públicos por utilización das salas do Auditorio de Galicia.
2. Desde o mes de setembro de 2018, o Auditorio de Galicia conta cunha nova plataforma web de venda de entradas. Esta plataforma de venda é propia, non depende dun acordo con ningunha entidade externa, polo cal foi necesario establecer unhas condicións xerais de uso que son acordes ao establecido nas webs municipais.
3. A entrada en vigor da Lei 10/2017 de espectáculos de Galicia, fai que sexa conveniente unha adaptación dos procedementos de acceso e uso das actividades e espazos culturais.
4. Non existe acordo anterior sobre estas cuestións nin no Auditorio de Galicia nin no Concello de Santiago.
5. De acordo coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos seus datos persoais e á libre circulación destes datos, o Auditorio de Galicia ten dados de alta os ficheiros de usuarios/as correspondentes e cumpre cos requirimentos legais esixidos, ademais garante os dereitos dos usuarios/as de acceso, rectificación, cancelación e oposición respecto dos datos incorporados nos seus arquivos.

Fundamentos legais e técnicos

-Son competencias do Consello Reitor sinaladas no artigo 7 dos Estatutos do Auditorio de Galicia *todas cantas xestións afecten ao dominio ou titularidade do Organismo e que non estean atribuídas a outros órganos ou reservados ao Excmo. Concello.*

-A ordenanza fiscal 4.31 de 2006 do Concello de Santiago establece que:

O importe que se debe pagar ó Concello ou ó Auditorio pola venda de libros, impresos e publicacións; a celebración de xornadas ou cursos e a realización de actividades culturais e lúdicas ou similares será o que aprobe a Xunta de Goberno Local ou o Consello Directivo do Auditorio en atención ó custe dos mesmos


2. *O Concello e o Auditorio poderán reducir o prezo que deben aboar os interesados, previo acordo da Xunta de Goberno Local ou do Consello Directivo do Auditorio, nos seguintes supostos:*

a. distribución de libros, impresos ou publicacións entre entidades públicas ou entidades sen fin de lucro por razóns protocolarias



AUDITORIO DE GALICIA

PALACIO DA ÓPERA, EXPOSICIÓN E CONGRESOS
Santiago de Compostela



CONCELLO DE
SANTIAGO



Compostela
Cultura

b. distribución de libros, impresos ou publicacións entre departamentos municipais

c. participación en xornadas, cursos, actividades culturais e lúdicas ou similares por razóns de interese xeral; sempre que se garanta a cobertura do custe da actividade ou servicio

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

1-Aprobar os seguinte texto que explicita as instrucións de uso para as actividades e instalacións do Auditorio de Galicia.

Intrucións de uso do portal web

Os dereitos de propiedade intelectual do portal www.compostelacultura.gal e dos elementos nel engadidos son titularidade do Auditorio de Galicia, reservándose a facultade de efectuar modificacións e actualizacións sobre a información contida no portal, en calquera momento, e sen necesidade de previo aviso.

O uso non autorizado da información e demais elementos contidos neste portal, así como os prexuízos ocasionados nos dereitos de propiedade intelectual e industrial do Auditorio de Galicia, dará lugar ao exercicio das accións que legalmente lle correspondan a esta Administración e, no seu caso, ás responsabilidades que dese dereito se puidesen derivar.

O contido facilitado a través desta web emítese para efectos simplemente informativos. Aínda que se efectuarán os esforzos precisos para que a información contida sexa exacta e actualizada, o Auditorio de Galicia non garante a inexistencia de erros no contido deste sitio, nin que se encontre totalmente actualizado.

O Auditorio de Galicia non se fai responsable dos danos e das perdas que puidera ocasionar o uso ilexítimo ou inadecuado das ferramentas e informacións contidas na web, con excepción de todas aquelas actuacións que resulten da aplicación das disposicións legais a que deba someterse no estrito exercicio das súas competencias.

Está prohibido o envío de correo masivo non solicitado ou de correo non solicitado dirixido a contas de correo electrónico utilizadas nesta web.

Está prohibido utilizar esta web con fins comerciais ou de maneira inadecuada atendendo á súa propia finalidade.

Tanto o acceso ao portal, como ao uso que poida facerse da información contida no mesmo son da exclusiva responsabilidade do usuario.

O Auditorio de Galicia non asume ningunha responsabilidade derivada da conexión aos contidos dos enlaces a terceiros que poida conter o portal. Recoñece que os dereitos de propiedade intelectual e industrial das páxinas

enlazadas, pertencenlles aos seus respectivos autores e propietarios e a petición de calquera deles, o enlace ou enlaces retiraranse de xeito inmediato.

O tratamento dos datos de carácter persoal que se realice a través deste sitio web estará suxeito ao establecido na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD, en diante) e co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos seus datos persoais e á libre circulación destes datos (RPD), e no resto da normativa de aplicación.

Condicións xerais para a venda de entradas

A adquisición dunha entrada, abono ou convite emitidas polo organismo autónomo Auditorio de Galicia, con NIF Q1500340C e domicilio social en Avda. Burgo das Nacións s/n, 15705 de Santiago de Compostela (baixo a súa marca comercial Compostela Cultura), para calquera dos recintos nos que organice actividades (en adelante, entrada) representa a aceptación das seguintes condicións:

A entrada dispón de diferentes medidas de seguridade. Non obstante, a Organización non garante a súa autenticidade se non se adquiriu nalgún dos puntos oficiais de venda. Toda entrada mencionada, rota, sospeitosa de falsificación ou adquirida ilicitamente autorizará á Organización a privar do acceso ao seu portador/a. Nestes casos, a Organización declina toda responsabilidade.

Por motivos de seguridade e de control da cabida do recinto, toda persoa que acceda ao recinto, independentemente da súa idade, deberá ter unha entrada.

É condición para a admisión dispoñer da entrada completa e en bo estado. A entrada terase que conservar ata a saída do recinto.

A Organización resérvase o dereito de modificar, se as circunstancias o esixen, as datas, os horarios, os programas ou os intérpretes anunciados, como tamén de decretar a suspensión do espectáculo. Unha vez adquirida a entrada non poderá ser cambiada, nin o seu importe devolto, excepto por cancelación do acontecemento, caso en que a Organización comprométese á devolución do seu importe. O período máximo de solicitude da devolución será ata 15 días despois da data prevista para o evento.

Como norma xeral, non estará permitida a entrada de público á sala durante a representación das obras. É potestade da Organización permitir a entrada ao recinto unha vez comezado o espectáculo.

A Organización resérvase o dereito de admisión. O portador desta entrada comprométese a cumprir os requisitos e as condicións de seguridade do recinto. A Organización non se fai responsable da utilización indebida das instalacións.



**Compostela
Cultura**

O/a portador/a da entrada comprométese a ser respectuoso cos/as artistas e o persoal do recinto, como tamén a desconectar os teléfonos móbiles e todo tipo de alarmas antes do comezo do espectáculo, e a non comer, beber ou fumar no interior. Tamén se prohibe a entrada de animais, excepto os cans de asistencia.

As entradas para as butacas de visibilidade reducida e para o anfiteatro do Teatro Principal, poñeranse só a disposición do público unha vez completa a capacidade do resto da sala. Terán un prezo do 50% sobre o xeral para ese espectáculo e só se poderán adquirir no despacho de billetes.

En aras da protección dos dereitos de imaxe e propiedade intelectual, prohibese facer fotografías, con ou sen flash, filmar ou gravar, como tamén a entrada ao recinto con calquera obxecto ou produto que a Organización considere perigoso o que estea prohibido pola normativa vixente.

A Organización non se fará responsable das perdas, roubos, deterioramentos, danos ou prexuízos causados ao/á portador/a ou aos seus obxectos persoais durante a estancia no recinto.

Calquera reclamación relacionada coa realización, suspensión, modificación ou anulación do espectáculo, terase que dirixir á Organización coa presentación da entrada.

Condições xerais para a alta e usuario/a do portal compostelacultura.gal e protección de datos de carácter persoal.

O portal compostelacultura.gal está xestionado polo organismo autónomo local, dependente do Concello de Santiago de Compostela, Auditorio de Galicia, con NIF Q1500340C e domicilio social en Avda. Burgo das Nacións s/n, 15705 de Santiago de Compostela.

A alta de usuario/a no portal compostelacultura.gal requirirá do consentimento para o tratamento dos datos de carácter persoal do usuario. O Auditorio de Galicia é o responsable do tratamento dos datos persoais recadados.

A lexitimación para o tratamento dos datos procede do consentimento do interesado.

Os datos persoais trataranse para as seguintes finalidades:

- Xestionar a venda de entradas para espectáculos e actividades.
- Remitir información sobre eventos.
- Realizar investigacións e análises destinados á mellora dos servizos xestionados.
- A atención aos usuarios e clientes.
- Para previr ou detectar comportamentos ilícitos e para protexer os dereitos lexítimos do Auditorio de Galicia.

A información obtida conservarase unicamente durante o tempo preciso para prestar os servizos solicitados ou o necesario para cumprir con algún fin legalmente establecido que obrigue a conservar a información durante un prazo determinado.

Os datos persoais só se comunicarán, cando proceda, ás Administracións Públicas competentes nos supostos previstos na lexislación vixente e para os fins que esa lexislación estableza.

Os usuarios do portal teñen os seguintes dereitos en relación cos seus datos persoais:

- Dereito de acceso aos seus datos persoais, ao prazo de conservación e a obter copia dos datos tratados.
- Dereito de rectificación dos datos se son inexactos.
- Dereito a limitar o tratamento dos datos, solicitándollo ao responsable do tratamento.
- Dereito de supresión dos datos nos supostos previstos no RPD e segundo o previsto no art. 15 da LOPD.
- Dereito de oposición ao tratamento, sempre por motivos relacionados coa situación persoal, agás que se acredite un interese lexítimo ou o tratamento sexa preciso para exercicio ou defensa de reclamacións.
- Dereito á portabilidade dos datos, obtendo os datos nun formato estruturado, de uso común e de lectura mecánica, e transmitíndollos a outro responsable do tratamento cando este se basee no consentimento da persoa ou se efectúe por medios automatizados.

O interesado poderá exercer os seus dereitos mediante escrito remitido por correo postal ou correo electrónico acompañado da copia dun documento acreditativo da identidade (DNI, pasaporte, etc), dirixido ao Rexistro Xeral do Auditorio de Galicia, situado na Avda. Burgo das Nacións s/n, 15705-Santiago de Compostela.

No caso de que o interesado considere vulnerados os seus dereitos pode presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (autoridade de control en materia de protección de datos).

O tratamento dos datos de carácter persoal que se realice a través deste sitio web estará suxeito ao establecido na LOPD, RPD e no resto da normativa de aplicación.

Instrucións para a autorización de uso das instalacións do Auditorio de Galicia

Poderán solicitar o uso do Auditorio todas aquelas entidades sociais e culturais; e institucións tanto públicos como privadas que desexen desenvolver no Auditorio de Galicia actividades apropiadas ás finalidades do organismo autónomo e ás súas instalacións.

As solicitudes do Concello de Santiago para a realización de actividades propias serán tramitadas como actividades do propio organismo autónomo.

A persoa ou entidade solicitante deberá cumprimentar a solicitude na sede electrónica do Auditorio de Galicia cun mínimo de antelación dun mes antes da realización do evento. As solicitudes que non se presenten con esa antelación non serán admitidas a trámite.

As solicitudes serán rexistradas no rexistro xeral do Auditorio de Galicia. Verificados os datos da solicitude e comprobada a correcta razón da solicitude, a adecuación da actividade proposta á natureza do edificio e das finalidades do organismo autónomo e á dispoñibilidade do espazos, autorizarase a través dunha comunicación telemática ás persoas interesadas detallando os termos e as condicións da cesión.

Os criterios para outorgar e denegar a solicitude de autorización temporal serán:

1. Dispoñibilidade da sala.
2. O interese cultural e/ou social ou xeral da actividade e a adecuación ás finalidades do Auditorio de Galicia.
3. A traxectoria da entidade organizadora.
4. A compatibilidade da cesión ou do uso segundo os horarios, actividades e recursos dispoñibles.
5. A antelación coa que se presenta a solicitude

O Auditorio de Galicia poderá desestimar todas aquelas solicitudes de actividades que, ao seu xuízo, non se axusten ou adecúen ao espazo ou aquelas que poidan por en perigo o seu persoal, instalacións ou equipos. Tampouco se estimarán aquelas solicitudes que incumpran o disposto no artigo 6 sobre prohibicións de espectáculos na lei 10/2017 de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

– Condicións da autorización

A utilización do Auditorio de Galicia rexerese polo acordado no contrato subscrito entre o Auditorio e a entidade ou institución, ao que se lle aplicarán os prezos públicos establecidos por acordo do Consello Reitor do Auditorio de Galicia de 16 de abril de 2002, pola utilización do inmovible ademais das condicións e normas de uso do inmovible.

A exención de pago de prezo público deberá estar motivada pola dirección do Auditorio de Galicia e autorizada polo Presidente do Consello Reitor do organismo autónomo. A autorización de exención do pago atenderá a razóns de interese xeral, cultural e/ou social sempre que a súa realización non supoña custe algún para o Auditorio de Galicia. Estas actividades deberán ter un carácter non lucrativo. A exención de pago de prezo público da Sala Ángel Brage e da Sala Mozart, só poderá ser outorgada 1 día por ano por sala e por entidade solicitante.

O Auditorio de Galicia poderá cederlle gratuitamente a outras entidades públicas a utilización de espazos, sempre e cando o organismo autónomo ou o Concello de Santiago reciban unha contraprestación similar.

A entidade organizadora do evento deberá facerse cargo de todos os custes derivados da realización do evento, obrigándose a cumprir a normativa de espectáculos, laboral e de seguridade vixente. As entidades que o precisen deberán contactar coas empresas que realizan os servizos de atención técnica e atención aos públicos para garantir que se respectan as normas de traballo e evacuación en espazos escénicos do Auditorio de Galicia.

Asdo. Xaquín López González

Director xerente do Auditorio de Galicia

Visto e praxe:

José Ramón Alonso Farnández

Secretario Xeral do Pleno e do Auditorio de Galicia